

RICARDO CARVALHO CALERO

2º EP

O escritor Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol, na Coruña. Era fillo de M.^a Dolores e Gabriel Ricardo.

De pequeno estudou en Ferrol, nunha escola da rúa Magdalena, a rentes da súa casa, e nun colexio dirixido polo escritor Manuel Comellas. Ao acabar o bacharelato marchou a Compostela e alí estudou Dereito.

Ricardo foi membro do Seminario de Estudos Galegos, un grupo de persoas que defendían o idioma galego e a nosa cultura e alí coñeceu a Castelao, Otero Pedrayo, Risco...

Traballou en moitas revistas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*...


Escribiu moitos libros de poemas, teatro, relatos... Un deles, *As pitas baixo a choiva*, dirixido aos pequenos, cóntanos un feito que lle pasou a Ricardo cando era pequeno e quería recoller as pitas que se estaban a mollar no patio: acabaron todos... mollados como pitos!

Foi profesor do instituto Rosalía de Castro, de Santiago, e o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega da universidade.


Tamén foi membro da Real Academia Galega (RAG) e o seu discurso de ingreso foi sobre Rosalía de Castro.

Defendeu a idea de que a lingua galega é unha variedade da lingua portuguesa.

Este ano a RAG dedícalle o Día das Letras Galegas pola súa defensa do idioma galego e da nosa cultura.



RICARDO CARVALHO



EN AS PITAS BAIXO A CHOIVA
RICARDO CARVALHO NARRA
UN FEITO DA SÚA INFANCIA:
METER AS GALIÑAS NO GALI-
ÑEIRO NUN DÍA DE CHOIVA.